Arquivo do Galego Oral

Autoría:
Fernández Rei, Francisco

Resumo:
O Arquivo do Galego Oral contén unhas 2000 horas de gravacións con rexistros dunhas 8000 persoas. Estase a preparar para a web un atlas da oralidade con mostras de todos os concellos galegos e municipios estremeiros, canda un buscador que devolverá resultados lingüísticos atendendo á localización xeográfica, sexo, idade etc.

Institución	Instituto da Lingua Galega-Universidade de Santiago de Compostela
Correo de contacto	ilgpaco.rei@usc.gal
Ano publicación	2025

Contido do artigo:
Desde 1974 foise configurando no Instituto da Lingua Galega (ILG) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) o que sería o Arquivo do Galego Oral (AGO) coa finalidade de construír un corpus multidisciplinario para estudar a lingua oral e contribuír a un mellor coñecemento da sociedade galega con mostras do seu patrimonio inmaterial. Actualmente o arquivo contén unhas 2 000 horas de gravacións, con rexistro sonoro de aproximadamente 8 000 persoas.

1. A colección de audios máis antiga, de novembro do 1974 a maio do 1977, corresponde a 74 puntos dos 167 da rede do *Atlas Lingüístico Galego* realizadas polos tres investigadores de campo do proxecto (Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei e Manuel González), ás que hai que engadir outras 24 do período 1979-1983 de puntos do *Atlas* dos que non existía gravación. Son un total de 30 horas.

Da década de 1980 son unhas 350 horas gravadas en máis de 800 puntos do dominio lingüístico. O maior quiñón son de traballos de alumnado da Facultade de Filoloxía da USC, realizados para a materia de Lingüística Románica 1 da subsección de Galego-Portugués no período 1980-1985.

Ese fondo de audios do ILG ampliouse considerablemente grazas a dous proxectos: *Recollida e transcrición de etnotextos para a creación do ADLG (Arquivo Dialectal da Lingua Galega) (1992-1995)*, do Ministerio de Educación y Ciencia, e *Actualización do Arquivo do Galego Oral, da Xunta de Galicia* (*1*996-1998). Francisco Fernández Rei, investigador principal, e Carme Hermida Gulías, membro do equipo investigador, comezaron no 1992 a organizar o arquivo da oralidade do ILG. Realizouse unha planificación co obxectivo de obter unha mostra de todos os concellos do dominio lingüistico e da maioría das 3 771 parroquias galegas.

Este subarquivo creado a comezos da década de 1990 e que seguiu incrementándose con gravacións do presente milenio, contén actualmente, polo menos, 6 015 rexistros de persoas informantes e ben máis de mil horas de gravacións realizadas polos investigadores do AGO e por persoas colaboradoras, ás que hai que sumar as procedentes de traballos sobre galego oral dirixidos e revisados por membros do proxecto.

Entre os puntos enquisados hai parroquias coa mostra dunha única persoa informante, pero tamén de varios lugares da mesma parroquia; e ás veces realizouse no hábitat rural e no urbano unha recolleita en varios puntos de cada unha das parroquias dun concello. Neste caso as mostras atenden á profesión, ó sexo e á idade, coa finalidade de facer investigacións en profundidade sobre a situación do galego.

O AGO ten desde 1996 un subarquivo de gravacións cultas, unhas 400 horas de conferencias sobre a realidade sociocultural de Galicia impartidas por especialistas, presentacións de libros e outros actos. A maioría graváronas membros do proxecto, pero algunhas son programas de emisoras locais de radio, de televisións locais e dalgúns programas

da TVG de interese lingüístico e etnográfico.

2. A primeira publicación co material do AGO foi o audio-libro *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego* (1996), preparada por Francisco Fernández Rei e Carme Hermida Gulías, responsables do proxecto, para o Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega que dirixía Afonso Vázquez Monxardín, que fora o principal animador desa iniciativa. É unha especie de dialectoloxía oral, con gravacións de informantes de distintas xeracións, rexistradas entre decembro do 1970 e xullo do 1995. A temática da escolma é moi variada para procurar unha imaxe real da sociedade galega do último terzo do século XX e para resultar amena a estudantes e ensinantes de lingua galega; pero tamén se procurou que fose útil para etnógrafos, historiadores, sociólogos e outras persoas interesadas pola Galicia anónima de onte e de hoxe.

O estoxo en que se presentaba contiña un libro e tres casetes co que se agasallou as máis de 700 persoas que asistiron ó I Congreso Internacional *A lingua galega: historia e actualidade* (16-20 de setembro do 1996) que o ILG organizou para conmemorar os seus 25 anos de existencia. Cando se reeditou en 2003, as tres casetes, con cadansúa hora de gravación, foron substituídas por tres CD; e en 2004 pendurouse o audio-libro no sitio web http://consellodacultura.gal/arquivos/asg/anosafala.phpna

3. En 2007 iniciouse unha nova xeira do AGO cando a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia asinou co ILG un convenio de colaboración, renovado ata 2018, que permitiu contar con persoal para realizar tarefas urxentes, como o inventariado e catalogación informática dos milleiros de fichas das persoas informantes do material da década de 1990 á actualidade e a clasificación temática de boa parte deste corpus. Nestas tarefas foi importante o labor de Ana García García, que colaborou posteriormente na preparación da mostra de audios coas correspondentes transcricións (semifonolóxica e estandarizada), que desde 2011 se foi pendurando no sitio web http://ilg.usc.gal/ago/. A finais do ano 2020 eran 160 gravacións de 129 concellos de Galicia (e unha dun municipio do Eo-Navia) para o que se

tivo en conta a temática e a representación das variedades do galego oral.

Un dos principais obxectivos do AGO é a posta en rede dun banco de audios (e transcricións) co que configurar un atlas temático da oralidade. Actualmente no arquivo cóntase con mostras da totalidade dos 313 concellos de Galicia e da maioría dos 48 municipios galegófonos de Asturias, León e Zamora, así como dos tres concellos de fala esencialmente galega de Cáceres.

4. Nestes momentos estase a preparar para pendurar na rede un atlas da oralidade con mostras de todo o dominio lingüístico, con audios e transcricións. Tamén se está a preparar un buscador cunha serie de variables que devolverá uns resultados lingüísticos máis refinados (localización xeográfica, sexo, idade...). Esta opción permitirá a descarga do material canda o mapa correspondente á representación xeográfica dos resultados, e tamén o acceso ás gravacións e ás súas transcricións. Neste labor é importante a colaboración de Xosé Manuel Dopazo Entenza desde que no 2018 se integrou no equipo do proxecto.

O Arquivo do Galego Oral do ILG existe mercé á xenerosidade de milleiros de persoas galegofalantes que doaron as súas voces, e tamén pola xenerosidade de centos de persoas que andaron mil e un camiños de Galicia e das comarcas estremeiras galegófonas (e dos somontes da Serra de Gata) para as rexistraren.

Desde hai anos, o equipo do AGO está a devolver esas voces coas transcricións á sociedade que creou a lingua galega, que arelamos que sexa de uso normal na terra onde naceu e agromou; e agardamos que este material sonoro sexa de utilidade á comunidade educativa galega, e á comunidade científica para contribuír á investigación sobre a lingua e sobre a sociedade galegas.

Cita:

Fernández Rei, Francisco. 2025. Arquivo do Galego Oral. En Fernández Rei, Elisa & Álvarez de la Granja, María (coords.), Lingua viva. Santiago de Compostela: Instituto

da Lingua Galega. ilg.usc.gal/linguaviva [Consultado o 09/11/2026 ás 18:43].